



XOVES

I+D+i

Estimados/as amigos/as:

A Comisión Europea vén de lanzar unha **enquisa pública sobre o Programa Horizonte 2020 (H2020)**, como parte da súa avaliación intermedia. Esta avaliación espérase que axude a mellorar o funcionamento do Programa, a principal ferramenta europea de financiamento da investigación e a innovación para o período 2014-2020 dotada con 77 mil millóns de euros, e que sirva para preparar o FP9, o Programa Cadro de Investigación da Comisión a partir do 2020.

A enquisa, que **estará aberta até o 15 de xaneiro de 2017**, está **dirixida a calquera persoa ou organización interesada en dar o seu punto de vista** sobre os tres primeiros anos de desenvolvemento do H2020, especialmente aos **investigadores, empresarios, innovadores, cidadáns e todo tipo de organizacións** que teñan participado no mesmo.

O regulamento do propio programa establece unha **avaliación intermedia antes do 31 de decembro de 2017**, que permitirá elaborar: un resumo e análise dos resultados para o persoal da Comisión; un informe do Grupo de Alto Nivel con conclusións estratéxicas para aumentar o impacto do investimento en I+D+i e unha visión de futuro da I+D+i europea; e unha Comunicación da Comisión cos resultados clave da avaliación, observacións sobre o informe do Grupo de Alto Nivel e a implementación das recomendacións da avaliación ex-post do Sétimo Programa Cadro.

Convidámoste a participar nesta enquisa, dispoñible na seguinte ligazón: http://ec.europa.eu/research/consultations/interim_h2020_2016/consultation_en.htm

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro Xoves!